



PROCEDIMENTO DE PARTICIPACIÓN POR VIDEOCONFERENCIA NO ACTO DE DEFENSA DUNHA TESE DE DOUTORAMENTO

(Aprobado pola Comisión Permanente da EIDUDC do 18/10/2021)

OBXECTO

Coa modificación do artigo 37 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC (REDUDC) aprobada polo Consello de Goberno de 30 de setembro de 2021, a posibilidade de participar mediante videoconferencia no acto de defensa dunha tese de doutoramento, antes restrinxida ao membro vocal do tribunal, esténdese ao/á doutorando/a e/ou a todos ou a algún dos membros de dito tribunal.

Esta modificación é froito da experiencia acumulada trala situación derivada da COVID-19, que permitiu corroborar que a defensa de teses de doutoramento por videoconferencia é unha alternativa eficaz. O seu obxectivo é permitir a participación de aqueles membros do tribunal e incluso do/a doutorando/a que, por diversas causas, non poden desprazarse á nosa Universidade. Ademais, facilita a intervención de membros do tribunal e de doutorandos/as que procedan doutros países, favorecendo así o grao de internacionalización dos programas de doutoramento da UDC.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público admite que as sesións se poidan facer a distancia –se iso non contradí o regulamento interno de cada institución- e recolle expresamente as videoconferencias como medio, sempre e cando se asegure a identidade dos membros e quede constancia do contido das súas manifestacións e do momento en que se produzan. Débese poder interactuar en tempo real e así dispoñer dos medios axeitados durante a sesión. E, por último, as sesións pódense gravar, arquivando e custodiando os arquivos resultantes (artigo 17).

O Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, que regula as ensinanzaas oficiais de doutoramento, establece que, se o acto de defensa de tese se realiza por videoconferencia, debe garantirse o seguinte:

1. A exposición debe facerse por videoconferencia garantindo que se trata dun acto público.
2. O tribunal debe dispoñer dun sistema para deliberar de maneira confidencial a cualificación da tese ao finalizar o acto de defensa.
3. Cando a tese obtén a cualificación de sobresaliente, os membros do tribunal deben dispoñer dun sistema para poder emitir de maneira confidencial tanto (a) o seu voto respecto á posible mención *Cum Laude* da tese como (b) a súa valoración da tese de cara á concesión do premio extraordinario de doutoramento.

E o artigo 13.4.j) do Regulamento da EIDUDC (aprobado polo Consello de Goberno o 20/12/1012 e modificado o 27/02/2020) atribúe á Comisión Permanente da EIDUDC a función de “establecer procedementos de tramitación das teses de doutoramento, incluídos aqueles



para presentar, defender e avaliar as teses”.

De acordo con todo o exposto, a Comisión Permanente da EIDUDC, reunida en sesión ordinaria o 18/10/2021, aproba o seguinte **procedemento para a participación por videoconferencia no acto de defensa dunha tese de doutoramento**.

MODALIDADES DE DEFENSA DA TESE

Dando desenvolvemento ao cambio normativo do REDUDC, o acto de defensa dunha tese de doutoramento poderá realizarse nunha das seguintes tres modalidades:

- **Só presencial**, pola que todo o tribunal e o/a doutorando/a interveñen presencialmente.
- **Só por videoconferencia**, na que todo o tribunal e o/a doutorando/a participan por videoconferencia.
- **Mixta**, na que o/a doutorando/a só pode actuar presencialmente, quedando restrinxida a intervención por videoconferencia a un máximo de dous membros do tribunal.

A participación **presencial** dos membros do tribunal e do/a doutorando/a sigue sendo a modalidade ordinaria da UDC.

Polo contrario, as modalidades **completa** ou **parcial por videoconferencia** son de carácter extraordinario e precisan da autorización previa da EIDUDC para a súa realización.

Neste documento, detállase o procedemento a seguir e as ferramentas a utilizar para garantir que o acto de defensa e cualificación das teses nas modalidades **só por videoconferencia** e **mixta** respectan o establecido na normativa vixente.

PARTICIPACIÓN POR VIDEOCONFERENCIA DE SÓ UN OU DOUS MEMBROS DO TRIBUNAL

O procedemento a seguir nas teses de doutoramento nas que a participación no acto de defensa de algún membro do tribunal é por videoconferencia será o mesmo que para as teses nas que esta participación é só de modo presencial, coas seguintes excepcións:

- O/a doutorando/a participará sempre de modo presencial.
- Un dos membros do tribunal deberá pertencer á UDC, exercendo ben de presidente/a ou de secretario/a do mesmo. Este membro deberá actuar sempre presencialmente e será o responsable de tramitar a documentación propia do acto de defensa da tese.

A participación por videoconferencia realizarase a través da plataforma virtual Teams.

Para esta modalidade de participación será preciso:

- que o/a **coordinador/a** do programa ou o/a **director/a da tese solicite** mediante escrito motivado a participación de un ou dous membro/s do tribunal por videoconferencia.
- que, vista esta solicitude, a **dirección da EIDUDC autorice** a participación de dito/s membro/s do tribunal por videoconferencia.



PARTICIPACIÓN POR VIDEOCONFERENCIA DE TODOS OS MEMBROS DO TRIBUNAL E DO/A DOUTORANDO/A

Para esta modalidade de participación, que seguirá o mesmo procedemento utilizado durante a situación restritiva derivada da pandemia da COVID-19, será preciso:

- que a **CAPD emita informe favorable e motivado** que xustifique a participación por videoconferencia do/a doutorando/a e de todo o tribunal no acto de defensa da tese.
- que, visto o informe da CAPD, a **Comisión Permanente da EIDUDC autorice** a participación por videoconferencia do/a doutorando/a e de todo o tribunal no acto de defensa da tese.

ANTES DA DEFENSA		
Paso	Responsable	Descrición
Programar o acto de defensa pública na plataforma Teams	Coordinador/a e/ou secretario/a da CAPD ou PDI da UDC en quen delegue (Pódese delegar no PDI da UDC membro do tribunal da tese. Se o tribunal non conta con ningún membro da UDC, poderase delegar esta tarefa no/s director/es da tese)	– Programar o acto de defensa pública en Teams seguindo as instrucións do Anexo I deste documento. – A data e a hora serán as decididas polo tribunal da tese.
Comunicar o link ao acto de defensa pública programado á EIDUDC e aos membros do tribunal	Coordinador/a y/o secretario/a de la CAPD o PDI de la UDC en quen delegue. (Pódese delegar no PDI da UDC membro do tribunal da tese. Se o tribunal non conta con ningún membro da UDC, poderase delegar esta tarefa nos director/es da tese)	– O <i>link</i> á reunión programada no paso anterior debe comunicarse á EIDUDC para que o faga público na páxina de estado de tramitación da tese. NON COMUNICAR UN <i>LINK</i> VÁLIDO Á EIDUDC invalidará o acto de defensa. – O mesmo <i>link</i> debe comunicarse aos membros do tribunal para facilitar o seu acceso o día da defensa. – Importante: débese <u>comprobar que o link funciona e abre directamente unha ventá con acceso á videoconferencia programada.</u> A EIDUDC só aceptará <i>links</i> perfectamente funcionais.
Programar unha reunión privada para o tribunal na plataforma Teams	Coordinador/a e/ou secretario/a da CAPD ou PDI da UDC en quen delegue (<u>Preferentemente</u> , delegarase no PDI da UDC que é membro do tribunal da tese. Se o tribunal non conta con ninguén da UDC, pódese delegar esta tarefa en PDI do programa.	– Programar en Teams unha reunión privada para os membros do tribunal o mesmo día do acto de defensa seguindo as instrucións do Anexo II deste documento. – Recoméndase que esta reunión se programe para unha hora anterior á prevista para a defensa pública, co fin de comprobar que os membros do tribunal poden conectarse correctamente.



	<u>BAIXO NINGUNHA CIRCUNSTANCIA SE PODE DELEGAR EN PERSOAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA TESE: DIRECTOR/ES, TITOR/ES, DOUTORANDO/A)</u>	– NON COMUNICAR o <i>link</i> desta reunión a ninguén alieo ao tribunal para garantir ao tribunal a confidencialidade da súa deliberación.
Avisar aos membros do tribunal de que recibirán dous correos automáticos de Teams	Coordinador/a e/ou secretario/a da CAPD ou PDI da UDC en quen delegue (Pódese delegar no PDI da UDC que forma parte do tribunal da tese. Se o tribunal non conta con ningún membro da UDC, poderase delegar esta tarefa no/s director/es da tese)	– <u>DÉBESE avisar aos membros do tribunal de que recibirán dous correos-e automáticos de Teams:</u> 1. Un correo co <i>link</i> ao acto público de defensa. 2. Un correo co <i>link</i> á reunión privada para deliberar confidencialmente a cualificación da tese.

DURANTE A DEFENSA

Paso	Responsable	Descrición
O tribunal conéctase á reunión privada	Tribunal e, no caso de que ningún membro do tribunal sexa PDI da UDC, o PDI da UDC que programou a reunión privada en Teams	– O tribunal comproba a conexión e os detalles da defensa que considere oportuno. – Se todos os membros do tribunal son alieos á UDC, o/a organizador/a da reunión debe comezar esta e permitir o acceso á mesma aos membros do tribunal. Unha vez reunido o tribunal, o/a organizador/a debe desconectarse.
O tribunal desconéctase da reunión privada	Tribunal	Antes de pasar ao acto de defensa público, é importante que o tribunal se desconecte da reunión privada para evitar interferencias.
Todos os participantes conéctanse ao acto de defensa público	Tribunal, doutorando/a e director/es	– Todos os/as participantes na tese conéctanse ao acto de defensa público. – As persoas designadas como organizadoras da reunión (doutorando/a, director/es) deben asegurarse de dar acceso a calquera persoa aliea á UDC que queira conectarse e estea na sala de espera.
O tribunal desconéctase do acto de defensa público para deliberar	Tribunal	– Finalizado o acto de defensa, o tribunal debe desconectarse do acto de defensa público para deliberar confidencialmente a cualificación. – Doutorando/a e director/es deben seguir conectados ao acto de defensa, en espera da cualificación.
O tribunal conéctase á reunión privada para deliberar a cualificación	Tribunal e, no caso de que ningún membro do tribunal sexa PDI da UDC, o PDI da UDC que programou a reunión privada en Teams	– O tribunal delibera a cualificación. – Se todos os membros do tribunal son alieos á UDC, o/a organizador/a da reunión debe comezar esta e permitir o acceso á mesma aos membros do tribunal. Unha vez reunido o tribunal, o/a organizador/a debe desconectarse.



O tribunal desconéctase da reunión privada	Tribunal	Antes de volver ao acto de defensa público é importante que o tribunal se desconecte da reunión privada para evitar interferencias.
O tribunal conéctase ao acto de defensa público para comunicar a cualificación	Tribunal	– O tribunal comunica PUBLICAMENTE a cualificación da tese, en cumprimento do establecido no RD99/2011 – Se a tese se cualifica con Sobresaliente, o tribunal debe recordar ao/á doutorando/a que a votación para a mención <i>Cum Laude</i> se fará por vía electrónica e que a EIDUC lle comunicará o resultado do escrutinio.

DESPOIS DA DEFENSA


Paso	Responsable	Descrición
O tribunal remite á EIDUDC a documentación da defensa	Secretario/a del tribunal	O/a secretario/a do tribunal debe remitir á EIDUDC todos os documentos do acto de defensa cubertos e asinados electronicamente.
Envío de formularios electrónicos ao tribunal para a votación da mención <i>Cum Laude</i> e o informe para o Premio Extraordinario	EIDUDC	– Se a tese foi cualificada como <i>Sobresaliente</i>, envíanse a cada membro do tribunal DOUS CORREOS-E: 1. Un con acceso a un formulario para votar confidencialmente sobre a mención <i>Cum Laude</i>. 2. Outro para que valore confidencialmente a tese para optar á concesión do Premio Extraordinario de doutoramento. – Os correos remíranse ao tribunal nun prazo de 24-48 h tras recibir a documentación do acto de defensa. – Os membros do tribunal disporán de 24 h para contestar. – É OBRIGATORIO que TODOS OS MEMBROS DO TRIBUNAL contesten aos dous formularios.
Escrutinio da votación para a mención <i>Cum Laude</i>	EIDUDC	O escrutinio realízase na EIDUDC, unha vez recibidas todas as respostas do tribunal.
Comunicación do resultado do escrutinio da votación para a mención <i>Cum Laude</i>	EIDUDC	O resultado do escrutinio comunícase ao/á novo/a doutor/a por correo-e.
Arquivo dos informes sobre o Premio Extraordinario	EIDUDC	Os informes confidenciais do tribunal para o Premio Extraordinario archívanse en sobre pechado no expediente do/a alumno/a para entregalos ao tribunal que xulgará o Premio Extraordinario.



Anexo I: Instrucións para programar a defensa pública da tese por videoconferencia en Teams

1. Programar unha reunión **DIRECTAMENTE** no Calendario de Teams (non é necesario nin recomendable programar a reunión desde ningún equipo/canal de Teams, xa que isto obrigaría a ter que engadir a todos os/as participantes ao equipo/canal).


Para programar a reunión no Calendario, acceder á pestana de *Calendario* en Teams:



2. Seleccionar a data/hora da defensa que decidiu o tribunal e engadir unha *Nova reunión* co título correspondente e engadindo ao campo de asistentes os **correos electrónicos** de:
 - a. MEMBROS TRIBUNAL.
 - b. DOUTORANDO/A.
 - c. DIRECTORES DA TESE.


IMPORTANTE:

- Como título da reunión, usar o formato “*Acto de defensa pública da tese de XXXXX*”, substituíndo XXXXX polo nome do/a doutorando/a.
- Usar sempre o enderezo de correo electrónico institucional (@udc.es) para o/a doutorando/a, director/es de tese e membro do tribunal que sexa PDI da UDC (se o houbese). Non usar enderezos de correo electrónico privados.






- Unha vez programada a reunión, volver a abrila para comprobar as opcións de modo que (1) omitan a sala de espera só as persoas da miña organización (por defecto)¹ e (2) poidan presentar só persoas específicas e seleccionar como persoa específica ao/á doutorando/a e aos seus directores:



¹ No caso de que se deixe que “*Todos/as*” poidan omitir a sala de espera, córrese o risco de que calquera persoa co *link* poida unirse e boicotear a reunión. Como contrapartida, facer que os/as asistentes alleos/as á UDC teñan que pasar pola sala de espera obrigará a que o/s moderador/es da reunión (é dicir, o/a doutorando/a e os seus directores) terán que aceptar a súa incorporación cando intenten acceder co *link*.



4. Volver á ficha da reunión e copiar o *link* da mesma usando o símbolo de *link* que aparece abaixo (non copiar o *link* doutro lugar, pois pode dar erros). Para isto, primeiro faise click no texto “Unirse á reunión de Microsoft Teams” e logo faise click no símbolo de **inserir vínculo** (dous elos de cadea) para visualizar o *link*.



5. Usar o *link* do paso anterior para comunicar á EIDUDC onde será a defensa pública da tese.
(NOTA. Todas as persoas engadidas ao campo de *Asistentes* no paso 2 recibirán un correo electrónico automático de Teams cos detalles da reunión e o *link* de acceso á mesma).



Anexo II: Instrucións para programar e desenvolver a reunión privada do tribunal da tese por videconferencia en Teams

Para que o tribunal dispoña dun canal privado que permita deliberar a cualificación da tese, será necesario programar unha reunión paralela á do acto de defensa pública. Para isto, débense **SEGUIR OS PASOS DETALLADOS NO ANEXO I COAS SEGUINTE MODIFICACIÓNS:**

1. **No campo para o título da reunión** (paso 2 do Anexo I), usar o formato **“Canal PRIVADO para o tribunal da tese de XXXXX”**, substituíndo XXXXX polo nome do/a doutorando/a.
2. **No campo de asistentes á reunión** (paso 2 do Anexo I), **só deben figurar os membros do tribunal.**
Se ningún dos membros do tribunal é PDI da UDC, o/a organizador/a da reunión (que si é PDI da UDC) deberá estar dispoñible o día da defensa e encargarse de comezar a reunión sempre que o tribunal o precise. Os membros do tribunal alleos á UDC non poden comezar as reunións en Teams pola súa conta. Só poden unirse a unha reunión comezada por alguén da UDC.
3. **No campo da hora de comezo da reunión** (paso 2 do Anexo I), **recoméndase** que a reunión se programe para unha hora anterior á programada para o acto de defensa pública. Dese modo, o tribunal poderá comprobar que a conexión a través deste canal privado funciona e concretar os detalles do acto de defensa que considere oportuno.
4. **Na opción de quen pode presentar durante a reunión** (paso 2 do Anexo I), recoméndase que se habilite ao membro do tribunal que é PDI da UDC. Se ningún dos membros do tribunal é PDI da UDC, deberá ser o/a organizador/a da reunión (que si é PDI da UDC).
5. **En canto ao link da reunión** (paso 5 do Anexo I), **NON SE DEBE COMUNICAR ESTE LINK A NINGUÉN ALLEO AO TRIBUNAL. Teams enviará un correo electrónico automático** a cada un/ha dos/as asistentes engadidos/as no paso 2. RECOMÉNDASE AVISAR AOS MEMBROS DO TRIBUNAL DE QUE GARDEN ESE CORREO ELECTRÓNICO CO LINK PARA FACILITAR O SEU ACCESO O DÍA DA DEFENSA.